

OBXECTIVOS MÍNIMOS

LINGUA E LITERATURA GALEGA

1º ESO

- Desenvolver a expresión oral producindo textos con finalidades diversas.
- Ler comprensivamente e coa entoación e ritmo correctos
- Distinguir nun texto o tema e as ideas principais e secundarias dun texto.
- Coñecer e usar as regras de acentuación e o til diacrítico.
- Manexar o vocabulario adecuado ao curso.
- Presentar os traballos e actividades con limpeza, orde, sen faltas de ortografía e dentro dos prazos sinalados.
- Distinguir as distintas unidades da lingua e as clases de palabra.
- Coñecer a conxugación dos verbos.
- Realizar textos escritos (carta, narración, descrición) con orde, cohesión e coherencia.
- Coñecer a diversidade lingüística., valorando positivamente o plurilingüismo.
- Saber diferenciar textos literarios de non literarios e os tres grandes xéneros.
- Coñecer características xerais do cómic.
- Ler os libros propostos na programación.
- Utilizar, de maneira dirixida, a biblioteca e as TIC
- Amosar unha actitude positiva.
- Amosar unha actitude positiva.

2º ESO

- Comprender as ideas transmitidas nos textos adecuada á idade.
- Coñecer as regras de acentuación e ortográficas.
- Organizar formalmente os textos: marxes, título, orde dos apartados.

- Expresar as ideas con coherencia, empregando de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns. Utilización con corrección dos signos de puntuación.
- Empregar adecuadamente o dicionario.
- Ler en voz alta respectando a regras de puntuación e coa entoación necesaria propias de cada tipo de texto.
- Utilizar a lingua galega, oral e escrita, da forma máis axeitada á situación comunicativa, así como para elaboración todo tipo de producións (diarios e cartas persoais, noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos, expositivos etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Empregar instrumentos de corrección na produción de textos escritos, respectando a ortografía e a puntuación dos textos.
- Elaborar resumos, esquemas e mapas conceptuais a partir da información recibida nos textos.
- Producir textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixibles neste nivel.
- Coñecer as distintas clases de palabras e corrección no seu uso.
- Coñecer e identificar as principais funcións sintácticas no nivel da frase e da cláusula.
- Utilizar o vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso.
- Amosar capacidade para debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.
- Identificar o xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecemento dos seus elementos estruturais e dos recursos estilísticos básicos e emisión dunha opinión valorativa sobre ela.
- Comprender a situación das linguas minorizadas e a situación sociolingüística do galego.
- Coñecer a lexislación en materia lingüística a nivel básico.

- Ler os libros propostos.

3º ESO

- Comprender todo tipo de textos adecuados ao curso, detectando tema, subtemas, etc
- Producir textos orais e escritos con corrección, coherencia gramatical, adecuación ás normas ortográficas, orde e limpeza.
- Manexar o vocabulario adecuado ao curso
- Coñecer as cuestións gramaticais básicas do programa
- Saber conxugar verbos regulares e irregulares
- Coñecer a historia da nosa lingua
- Coñecer a literatura galega dende a Idade Media ata o século XIX, incluído
- Comprender a situación sociolingüística galega
- Coñecer os medios de comunicación, a súa linguaxe, e comprendelos como medio de información, formadores de opinión e fontes de entretemento Utilizar eficazmente a lingua galega na actividade escolar.
- Ler os libros propostos.
- Utilizar a biblioteca e as TIC, estas últimas non só para buscar información, senón para elaborar textos

4º ESO

- Comprender as ideas transmitidas nos textos.
- Deducir tema, argumento e ideas principais nos textos literarios.
- Coñecer as regras de acentuación, ortográficas e de puntuación.
- Organizar formalmente os textos: marxes, título, orde, tipos de parágrafos.
- Expresar as ideas con coherencia, empregando de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns.
- Ler en voz alta respectando as regras de puntuación e coa entoación necesaria propias de cada tipo de texto.

- Utilizar a lingua galega, oral e escrita, da forma máis axeitada á situación comunicativa, así como para a elaboración de todo tipo de producións (noticias, artigos de opinión, textos argumentativos, cartas formais, comentarios literarios, currículo...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Empregar instrumentos de corrección na produción de textos escritos, respectando a ortografía e a puntuación dos textos.
- Producir textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixibles neste nivel.
- Coñecer as principais etapas e autores da literatura galega do século XX.
- Coñecer as distintas unidades e funcións sintácticas. Distinguir entre cláusulas (simples e complexas) e oracións.
- Utilizar o vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso.
- Identificar o xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos estilísticos básicos e emitir unha opinión valorativa sobre ela.
- Coñecer a historia externa da lingua galega no século XX.
- Coñecer as principais características dos bloques dialectais.
- Coñecer as funcións da lingua estándar.
- Amosar capacidade para debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.
- Elaborar traballos de investigación simples: organización, estrutura, presentación.
- Ler os libros propostos.